



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	30 de xullo de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 19:30 ata as 22:05 horas
<b>Lugar</b>	Conexión telemática a través da plataforma zoom
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
33852423B	jose ferreiro fernandez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

**Aprobación da acta da sesión ordinaria de data 28-05-2020, da sesión extraordinaria de data 15-06-2020, e da sesión extraordinaria e e urxente de data 6-07-2020**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
ento

Sometidas a votación a acta da sesión ordinaria de data 28-05-2020, da sesión extraordinaria de data 15-06-2020, e da sesión extraordinaria e e urxente de data 6-07-2020, son aprobadas por unanimidade.

**Aprobación do Plan económico-financieiro do concello de Guitiriz 2020-2021. Expediente 446/2020.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Ordinaria  
A favor  
7, E  
cont  
Abst  
ns: 6  
Aus  
0

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2020, é a seguinte:

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

"EXPEDIENTE Nº: 446/2020

ASUNTO: PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO DO CONCELLO DE GUITIRIZ  
2020-2021

No apartado 1 do artigo 11 da LO 2/2012 establécese que *“La elaboración, aprobación y ejecución de los presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de las Administraciones Públicas y demás entidades que forman parte del sector público se someterá al principio de estabilidad presupuestaria.”*

O apartado 2 do artigo 3 establece que *“2 Se entenderá por estabilidad presupuestaria de las Administraciones Públicas la situación de equilibrio o superávit estructural”*.

O apartado 2 do artigo 11 establece que *“2. Ninguna Administración Pública podrá incurrir en déficit estructural, definido como déficit ajustado del ciclo, neto de medidas excepcionales y temporales. [...]”*

No apartado 4 do citado artigo establécese que *“Las Corporaciones Locales deberán mantener una posición de equilibrio o superávit presupuestario”*.

O artigo 12 da Lei orgánica 2/2012 (nomeado *“Regra do Gasto”*), do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LO 2/2012, en diante) establece no seu apartado primeiro que *“1. La variación del gasto computable [...] de las Corporaciones Locales, no podrá superar la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española.*

No apartado 2 do dito artigo aclárase o concepto de gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior recollendo determinados axustes no apartado 4 deste artigo 12.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 30A2LX133D6ENKAKKPS4M03H6 | Conexión: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 58



## Concello de Guitiriz

O artigo 12.3 atribúe ao Ministerio de Economía y Competitividad calcular a “[...] *tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española, de acuerdo con la metodología utilizada por la Comisión Europea en aplicación de su normativa*”.

A taxa así descrita quedou establecida para o ano 2019 no 2,7%, segundo se consagra no Acordo do Consello de Ministros do 13 de xullo de 2017.

Con ocasión da Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2019 a Intervención municipal emitiu informe de avaliación do cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria poñendo de manifesto un incumprimento do obxectivo da Regra do Gasto.

O artigo 21 da LO 2/2012 establece que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financieiro que permita o cumprimento da regra de gasto no ano en curso e no seguinte.

En base ao anterior, esta Alcaldía co debido asesoramento formulou un Plan Económico-Financieiro para os exercicios 2020 e 2021 que contén as seguintes medidas a adoptar:

*Analizadas as causas do incumprimento que levaron a necesidade de aprobar este Plan Económico - Financeiro, tal e como se detalla no presente Plan, as estimacións tendenciais indican o cumprimento do obxectivo da regra de gasto nos exercicios 2020 e 2021, de vixencia do presente PEF, así como o resto dos obxetivos impostos pola lexislación sobre estabilidade orzamentaria e facendas locais.*

*En xeral, as magnitudes orzamentarias son claramente positivas, o pago da débeda comercial realizase nun período de días próximo o legalmente establecido, non existe débeda pública, e coa información dispoñible á data actual e realizando as estimacións de conformidade co Manual de aplicación PEFEL2 sobre o modelo de PEF desenrolado en aplicación da LOEOSF, considerase que neste caso, o contido do PEF podería limitarse á aprobación do orzamento do exercicio 2020 cumprindo os principios de estabilidade orzamentaria, límite de débeda e regra de gasto e a xestión do mesmo realizando unha planificación e xestión do gasto público eficaz e eficiente.*

*Así, podemos concretar as seguintes medidas:*

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

- o *Aprobación do orzamento de 2021 con estricta suxeción os obxetivos de estabilidade orzamentaria, límite de débeda e regra de gasto.*
- o *Execución dos orzamentos de 2020 e 2021 realizando un control exhaustivo do volumen de gasto público, e da eficiencia e eficacia do mesmo, de maneira que se verifique o cumprimento dos obxetivos de estabilidade orzamentaria, límite de débeda e regra de gasto nas liquidacións de ambos orzamentos.*
- o *Compromiso de non aumentar durante o restante exercicio e o seguinte, os créditos para gastos mediante modificacións orzamentarias cuantitativas á alza do orzamento; particularmente financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais; salvo en casos de necesidade de dotar crédito de xeito extraordinario para aqueles gastos cuxo pago teñan carácter preferente ou expedientes de incorporación de remanentes de crédito, como é o caso de intereses de débeda ou gastos de persoal (artigo 13 da LOEOSF) e 187 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

No Plan Económico-Financeiro fórmulanse as seguintes conclusións:

*Analizada a situación económica do Concello de Guitiriz, resultante da liquidación do orzamento de 2019 con incumprimento da regra de gasto, podemos afirmar que as magnitudes orzamentarias son claramente positivas.*

*Como xa se dixo, o incumprimento da regra de gasto ten carácter conxuntural que non require máis que a posta de manifesto das causas que levaron a tal incumprimento, as previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.*

*Coa aplicación das medidas consistentes na aprobación do orzamento de 2021 con estricta suxeción ós obxetivos de estabilidade orzamentaria, límite da débeda e regra de gasto, a execución dos orzamentos de 2020 e 2021 realizando un control exhaustivo do volumen de gasto público, e da eficiencia e eficacia do mesmo, estimase que as liquidacións de ambos orzamentos cumprirán co obxectivo do presente Plan Económico - Financeiro.*

*Nos informes de seguimento do PEF verificarase periódicamente o cumprimento das previsións e, no caso de que se detecte algunha desviación, aplicaranse as medidas adicionais, que poderán consistir en acordos de non dispoñibilidade de créditos, medidas de política fiscal, etc, sempre de acordo o que as circunstancias requiran en cada caso.*

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA21433D6ENKAKPS4M3H6.LC.conexión: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 58



## Concello de Guitiriz

En base a todo o anterior, e visto o Informe da intervención municipal nº 2020-0071 presento ao Pleno da Corporación o Plan Económico Financeiro para o período 2020-2021 para a súa aprobación, formulando a seguinte,

### PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o Plan Económico Financeiro para o período 2020-2021 derivado do incumprimento do obxectivo da Regra do gasto con motivo da Liquidación do exercicio orzamentario 2019.

Segundo.- Proceder ao envío do mesmo aos órganos competentes da administración estatal e autonómica segundo proceda por esixencia da normativa reguladora da estabilidade orzamentaria.

Terceiro.- Ordenar a publicación do mesmo segundo proceda en aplicación da normativa reguladora da estabilidade orzamentaria."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que visto o informe do Sr. Interventor deste Concello que nos indica que houbo un incumprimento do obxectivo da Regra do Gasto e, que segundo o artigo 21 da L.O. 2/2012 establece que no caso de incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto, a administración incumplidora formulará un Plan Económico-Financeiro que permita o cumprimento da Regra de Gasto no ano en curso e no seguinte.

Polo tanto, nos vemos que esta alcaldía formulou un Plan Económico- Financeiro para os exercicios 2020-2021.

Nós o que queremos é que se entendan que unha cousa é gastar algo máis, e outra gastar medio millón de euros a maiores.

Entendemos, porque somos humanos, que a elaboración e aprobación do Plan Económico Financeiro 2020-2021, veuse afectado pola pandemia que aínda estamos a sufrir, máis grandes gastos húboboos no exercicio do ano 2019.

O gasto de persoal incrementouse nun 6,88%, e debeuse principalmente o incremento da contratación de persoal do Servizo de Axuda no Fogar, dependente e de libre concorrencia, partires do mes de xullo do 2019 cando se asume o servizo por xestión directa, e dicir, depende totalmente deste Concello, polo tanto o incremento económico e de seis meses dun ano.

Tamén houbo contratacións de persoal Administrativo para cubrir acumulación de tarefas xeográficas e outras contratacións puntuais, sobre todo en meses estivais, e todo isto por encima

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

subvencións concedidas neste Concello para diferentes fins e servizos, e todo isto foi durante o ano 2019.

Non entendemos que haxa unha subida nun 6,88% en gasto de persoal, pois so houbo xestión directa durante seis meses, e os substitutos no caso administrativo foi durante os meses de verán, e isto fai que non o entendamos claramente, ou ben que non esteamos conforme pois supoñemos que este Concello ten persoal suficiente durante todo o ano para facer as tarefas administrativas sen recorrer a contratacións, pois neste concello entre funcionarios, persoal laboral e contratado hai preto de cen persoas traballando.

Gustaríanos saber que é iso de “e outras contratacións puntuais”, unicamente que teñan que ver co procedemento xudicial longo e complexo, segundo as súas verbas, debido ao despido por suspensión de contratados de sete traballadores do GES, (Grupo de Emerxencia Supramunicipal), que este Concello tivo que readmitir pois gañaron o xuízo contra esta alcaldía, e isto custoulle as arcas municipais 100.000 euros.

Para nós isto non só e sorprendente, senón alucinante, pois se suprime o GES para aforrar cartos e, a o final téñense que readmitir por sentenza custan 100.000 euros, e non traballaron en oito meses.

Polo tanto Sra. Alcaldesa, menudo negocio fixo este Concello de Guitiriz, pois eses sete traballadores que estiveron sete meses sen traballar, agora teñen o dereito non só das pagas, dos seguros sociais, senón a de desfrutar dun mes de vacacións e indemnizacións correspondentes, e para máis inri, o concello gasta catro mil euros en defensa xurídica, cando a Deputación Provincial de Lugo, ten o Servizo Xurídico para os Concellos de toda a provincia e, a súa disposición é gratuíta.

Reunidos os concelleiros do Partido Popular de Guitiriz para dirimir sobre os temas a tratar neste Pleno, estudando os casos deste expediente 446/2020, decidimos por unanimidade abstermos pola mala xestión que fixo o Grupo Socialista que lidera este Concello.

O voceiro do grupo BNG di que sorprendeunos que o venres día 17 a FEMP convocase unha xuntanza extraordinaria da súa Xunta de Goberno para presentar e aprobar un acordo entre o goberno de España e a FEMP para, segundo consta textualmente na convocatoria, “con desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y política cuidados y apoyo a la cultura”. Baixo este eufemismo, o que este acordo agocha non é nin nin menos que o estado faga unha operación para dotarse de liquidez a conta dos reman municipais (estamos falando de que a cantidade de remanentes das entidades locais ga estímase nuns 890 millóns de euros), no noso concello está por encima dos 2,3 millóns de e A reacción de rexeitamento xeneralizado fixo que o presidente da FEMP se vira na obrir suspender a Xunta de Goberno na que pretendía ditaminar este acordo.

A escusa do ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir de estabilidade, a chamada lei Montoro, e que así non lle computa aos concellos como déficit BNG entendemos que é un insulto a intelixencia.

A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados consecuencia da crise da Covid. Os Estados van poder incrementar a débeda, mais segu interpretación do ministro a única administración que vai poder incrementar a débeda Administración Xeral do Estado.

A Administración Local, Guitiriz neste caso, non debe ser Estado, e non vai poder increme débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar no límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondo endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións buscar o financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impr

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos. Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na Asemblea Xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou "Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, entendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente"

Dende o BNG levamos tempo pedindo, (eu mesmo como concelleiro de Guitiriz), ao goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes ou superávit, así como, ampliar a capacidade de endebedamento a aqueles concellos que teñan que cumprir cos servizos públicos.

Comentei eu mesmo hai anos que os concellos pequenos como Guitiriz estivemos e estamos pagando o que fixeron mal os concellos das grandes cidades. Os gobernantes do PP non se atreveron a aplicar esta lei só as cidades ou pobos endebedados, aplicárona a todos en xeral, e agora queren levarnos os cartos e administralos dende Madrid.

Entendemos que si pedimos esta derogación da lei 2/2012, obviamente non apoiamos esta planificación orzamentaria, aínda que segundo esta lei, que nós entendemos que debería estar derogada, se ten que facer. Entón non vamos a votar a favor.

A Sra. Alcaldesa di que respecto ao que dixo o portavoz do PP, evidentemente o ano pasado tivemos un gasto de persoal excesivo que en boa medida veu por todas as indemnizacións que houbo que pagar polo tema do GES, xa que se fixeron uns despidos indebidos en decembro de 2018 e nós tivemos que asumir os pagos de eses salarios, os despidos foron declarados improcedentes e houbo que readmitir os traballadores que indicaron as sentenzas e por suposto tiñamos que cumprilas, neste sentido tiñamos pouco marxe de manobra.

E o que ten vivir nunha democracia, as veces as leis gústanche máis e as veces menos, pero as sentenzas dos xuíces hai que acatalas.

Intentamos modificar a RPT para asumir a eses traballadores nas condicións que tiñamos e amortizaranse outros postos de traballo a medida que se vaian xubilando traballadores.

Dous de eses traballadores que houbo que readmitir pediron unha excedencia o que implicou non ten que soportar o concello eses salarios.

Con respecto ao que dixo o portavoz do PP do servizo do SAF, dicir que o servizo do SAF sempre estivo en xestión directa neste concello, non se asumiu a partir de xullo do ano pasado que se intentou foi externalizalo, sacalo a concurso, pero quedou deserto, nunca foi de xestión indirecta.

Este concello ten tantos traballadores, tantos gastos de persoal porque temos case todos os servizos en xestión directa (recollida de lixo, auga, SAF), non e certo que a partir de agora houbera un cambio de xestión no servizo do SAF. Este servizo, xa na época na que gobernamos o PP anteriormente, sempre foi de xestión directa, nunca estivo externalizado, co cal isto tivo supón uns gastos de persoal moi importantes.

Evidentemente as vacacións das traballadoras do SAF, pois entendo que hai que cubrir necesariamente, porque as persoas dependentes, tanto de dependencia como libre concorrência non poden quedar sen atender. Mentres este equipo de goberno este ao fronte deste concello nosos maiores e os nosos dependentes terán prioridade absoluta, polo que si hai que ter persoal para poder cubrir as horas que nos conceden para poder atendelos o imos a facer.

Concello de Guitiriz







## Concello de Guitiriz

Ao mellor o que había que intentar facer e instar a Xunta para que adecúe o que nos paga para atender aos dependentes ao que está custando neste momento, porque a Xunta por cada hora de dependencia que nos asigna transfírenos pouco máis de 9 € e hoxe unha hora de dependencia custa sobre 16 €, entón o que había que facer era dicirle a Xunta que é quen ten a competencia que faga unha transferencia do custe real e non ese custe que nos pagan e que leva moitos anos sen incrementarse.

En definitiva, teríamos que demandar dende todos os concellos e dende a FEGAMP, creo que xa o están a facer, que incrementen esa transferencia que nos fan, e neste momento moito máis porque todos os servizos que asume a xestión o concello directamente teñen un custe extra pola Covid, e dicir, por exemplo as auxiliares que traballan no SAF necesitan uns EPIS específicos, o que implica un maior gasto para o concello, porque aínda que este servizo se realizase en xestión indirecta os fondos dos que dispoñen os concellos son insuficientes, porque non se actualizan dende fai moitos anos. Entón que quede claro que o servizo do SAF no concello levase facendo en xestión directa dende sempre.

Con respecto ao que dixo o portavoz do BNG, que mais cun alegato relacionado co noso plan económico financeiro, foi unha defensa das súas ideas políticas, a min tamén me gustaría non ter esa regra de gasto e poder investir ese remanente que hai en cousas moi necesarias neste momento, pero ese non é o punto da orde do días deste pleno. A lei obríganos, debido a ese incumprimento do ano 2019, a facer un plan económico financeiro, e eu entendo que estamos cumprindo coa nosa obriga e coas funcións do equipo de goberno, redactando ese plan económico financeiro, e non so redactándoo senón cumpríndoo.

Que a maiores podemos reivindicar, xunto coa FEGAMP e a FEMP, esa derogación para que non paguen os concellos cumpridores polos que non cumbran, que o que sole pasar sempre, podémolo debater en calquera momento e xuntarnos para facer as reivindicacións oportunas.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di á Sr. Alcadesa que o que lee aquí e o seguinte: "en relación cos gastos de persoal que se ven incrementados nun 6,88%, debese principalmente ao incremento de contratación do persoal do servizo de axuda no fogar, dependencia e concorrencia, a partir de xullo cando se asume totalmente o servizo por xestión directa" quere dicir, tal como ven expresado aquí, que si é asumido a partir de xullo é medio ano, e que antes non estaba asumido totalmente.

Con isto non digo que non teña razón, seguramente ten toda a razón do mundo, pero tal ven aquí especificado nós entendiamos iso.

A Sra. Alcadesa responde que lle parece un pouco sorprendente que o grupo do PP, que tantos anos na oposición e que gobernaron este concello durante anos, que independentemente da interpretación que se poda facer, que non saiban que o servizo do SAF está en xestión directa. A verdade quedei un pouco sorprendida porque aínda que poden estar de acordo coa esa frase pode interpretarse mal, que o servizo de SAF deste concello é de xestión directa e que todos os membros da corporación debiamos de coñecer.

O portavoz do PP responde que quere aclarar que non houbo mala intención por parte quedando así claro xa que o acaba de aclarar vostede, supoño que sería unha confusión.

O voceiro do grupo BNG di que resumindo, o BNG esta reclamando a derogación da Lei 2/ por ser moi inxusta para concellos como o noso, pero si estamos de acordo en que os remanentes se gasten en mellorar os servizos públicos municipais.

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

Non votaremos a favor por coherencia política, pero si defendemos que se gasten como se gastou o ano pasado.

A Sra. Alcaldesa responde que ela tamén estaría encantada con que se derogara a lei porque o noso concello sería un dos mais beneficiados para poder gastar ese remanente en gastos correntes. Estou segura que vostede tamén esta de acordo con iso.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor do grupo PSOE, e 6 abstencións dos grupos PP e BNG.**

### Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais. Expte. 402/2019

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2020, é a seguinte:

**"Aprobación definitiva do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais. Expte. 402/2019.**

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, asinado do 9/08/2018 e publicado no DOGA nº 156 do 17/08/2018.

Visto o acordo de XGL de data 8/05/2019 onde se acorda a aprobar a adhesión do Concello de Guitiriz ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Vista a proposta de resolución de aprobación da solicitude de adhesión segundo acta da Comisión de Seguimento do Convenio de data 25/06/2019 do Concello de Guitiriz

Visto a addenda ao Convenio Interadministrativo suscrito entre a Conselleira do Medio Rural e a Entidade Local de Guitiriz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020

Visto o borrador/modelo de "Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais" de xaneiro de 2020 remitido pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. para a súa validación e tramitación polo Concello conforme á lei de incendios forestais de Galicia.

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Visto o anuncio de información pública publicado no BOP de Lugo de 24/03/2020 e no taboleiro de anuncios do Concello de Guitiriz.

Visto o "Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais" asinado en maio de 2020 polo enxeñeiro de Montes don Pablo Arbones Maciñeira e a Enxeñeira Técnica Forestal dona Carmen Paz Lopez

Visto o informe preceptivo e de carácter vinculante sobre devandito plan asinado polo subdirector xeral de Prevención da Dirección Xeral da Consellaría de Medio Rural de data 21/05/2020.

Visto o informe de rexistro conforme non houbo alegacións.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), as atribucións concedidas á alcaldía polo artigo 21.1 da LBRL.

PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo o "Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais" asinado en maio de 2020 polo enxeñeiro de Montes don Pablo Arbones Maciñeira e a Enxeñeira Técnica Forestal dona Carmen Paz López.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellaría de Medio Rural."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que visto o informe sobre o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do concello de Guitiriz, que se adheriu en maio do 2019 ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAM e o SEAGA (Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.)

Visto a addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio rural e o noso Concello, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo agrícola de desenvolvemento Rural (FEADER).

Pola outra banda, lido e visto o borrador do Plan Municipal contra os Incendios Forestais 2020 e o B.O.P. de Lugo do 24 de marzo do 2020 e, visto o anuncio de información pública no taboleiro. Tamén lido o Plan Municipal de Prevención contra Incendios Forestais asinado en maio do 2020 e, coñecedores de que no Rexistro xeral do Concello de Guitiriz non houbo ningún tipo de alegacións presentadas sobre dito Plan Municipal.

Unha vez estudada toda a documentación que se nós enviou por parte deste Concello, o Grupo Popular neste Concello está de acordo na aprobación do expediente 402/2019 para que se leve a cabo o seu cumprimento.

O voceiro do grupo BNG di que na addenda que a Xunta, Fegamp e Seaga fixeron ao convenio asinado polo Concello para a prevención de incendios forestais polos particulares vemos que se ampliou o prazo ata o 16 de xullo, por motivo da Covid-19,

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

entendemos entón que agora xa se está a facer a limpeza ou desbroce público de xestión da biomasa en franxas secundarias por SEAGA, en este caso na parroquia de Parga como ben sinalado na addenda.

A documentación sinala que o noso concello pode solicitar ata 10 áreas de acción subsidiaria, ata 10 Km. de actuacións en vías de titularidade municipal, é unha ou dúas iniciativas estratéxicas de protección de núcleos de poboación, e tamén actuacións nas parroquias, neste caso Parga.

Entendemos que o núcleo de Parga está catalogado en situación de risco de lumes forestais, polo que vemos necesario todas estas actuacións que se van a efectuar, e que están tipificadas no convenio.

Por todo o cal votamos a favor.

A Sra. Alcaldesa explica que isto faise en base ao convenio que se asinou para a xestión de bandas forestais.

Dicir que onte houbo unha reunión cos/as veciños/as de Parga porque había unha certa demanda de información e viñeron os técnicos correspondentes para resolver dúbidas. Xa se enviaron as comunicacións oportunas e se está empezando a aplicar. A pesar de que a competencia en incendios non é unha competencia directa da administración local o que si é verdade que pola proximidade a xente dende o concello podemos colaborar e cooperar para concienciar a todo o mundo do importante que é ter o monte e as propiedades en condicións para evitar os incendios e así evitar na medida do posible os incendios.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP da as gracias pola reunión que se levou a cabo en Parga xa que foi moi didáctica e explicaron todo moi ben.

**Sometido o asunto á votación é aprobado por unanimidade da Corporación.**

**Dar conta do Plan anual de control financeiro 2020 ao Pleno da Corporación.  
Expediente 572/2020.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dase conta ao Pleno da Corporación do seguinte Plan anual de control financeiro 2020:

**EXPEDIENTE N<sup>o</sup>: 572/2020**

**PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2020 DO CONCELLO**

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 38



## Concello de Guitiriz

### DE GUITIRIZ

I. INTRODUCCIÓN

II. ÓRGANO DE CONTROL FINANCEIRO

III. REGULACIÓN XURÍDICA

IV. ÁMBITO SUBXECTIVO DE APLICACIÓN

V. ALCANCE TEMPORAL DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO

VI. CONTIDOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO

VII. ACTUACIÓNS DO PLAN NO EXERCICIO 2020

1. CONTROL FINANCEIRO NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE

1.1. EN RELACIÓN CO ESTADO DE GASTOS DO ORZAMENTO

A) En materia de subvencións: subvencións concedidas en réxime de concorrencia

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 38



## Concello de Guitiriz

competitiva e axudas de emerxencia social.

B) En materia de persoal: percepcións salariais por antigüidade (trienios, ..) e cursos de formación con pagos de quilometraxe.

C) En materia de contratos:

- Contratos menores tramitados no período 01/06 a 01/09/2020 e facturación anual de provedores.
- Contratos maiores: selección por mostraxe de dous dos contratos maiores tramitados ou vixentes no exercicio 2020.

D) En materia orzamentaria: créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

### 1.2. EN RELACIÓN CO ESTADO DE INGRESOS DO ORZAMENTO

A) En materia de recadación: taxas tramitadas no segundo e terceiro trimestre de 2020 do servizo de recollida de residuos, alcantarillado e subministro de auga.

## 2. AUDITORÍA DE CONTAS

## 3. AUDITORÍA DE CUMPRIMENTO/ OPERATIVA

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

### VIII. EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS

### IX. RESULTADOS DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO

#### 1. INTRODUCCIÓN

O control do gasto e necesario e obrigatorio na sociedade actual e a propia Constitución Española no artigo 31.2 establece que o gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán ós criterios de eficiencia e economía.

Esta intervención ó amparo do disposto no artigo 31.1 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, exerce o control interno da xestión económica financeira da Entidade con plena autonomía respecto das entidades cuxa xestión controla e realiza.

Respecto o marco normativo no que se enmarca o presente Plan, cabe mencionar en primeiro lugar o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local cuxa aprobación veu a cumprir co mandato legal imposto pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local de desenrolo regulamentario dos artigos 213 e 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O artigo 29.4 do RD 424/2017, establece ademais que no exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal, como:

- A resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.

- A resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública.
- A instrución 1/2015 da oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e valoración dos plans de acción.
- Outras circulares, resolucións e instrucións ou notas técnicas aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, en desenvolvemento do control financeiro e a auditoría pública.

O control financeiro ten por obxectivo verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para verificar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta ós principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se encontra orientada pola eficacia, eficiencia, economía, calidade e transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

A intervención municipal exercerá funcións de control interno do Concello, clasificándose o mesmo en dous tipos:

### u FUNCIÓN INTERVENTORA

Ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local que dan lugar a recoñecemento de dereitos ou a realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e a inversión ou aplicación en xeral dos fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso. En definitiva centrase en todos os actos con reflexo orzamentario.

## Concello de Guitiriz







## Concello de Guitiriz

Dita función vense exercendo en réxime de fiscalización limitada previa de requisitos básicos (aprobada xunto coas Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2020); sendo as obrigas, gastos e ingresos sometidos a dito réxime susceptibles doutra fiscalización posterior plena mediante técnicas de mostraxe.

Os informes resultantes desta fiscalización limitada previa, no seu caso, poderán ter carácter de reparo suspensivo nos supostos de incumprimento de tales requisitos básicos.

### u CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que o rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta os principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se encontra orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O resultado das actuacións do citado control documentarase en informes escritos, que non revisten carácter suspensivo, nos que se expoñerá de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser corrixidas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

É necesario para elo unha planificación de control polo que será o órgano interventor quen elabore o Plan Anual de Control Financeiro. Ó amparo dos informes e resultados do citado control elaboraranse un Plan de Acción onde se fixen pola Entidade Local as medidas a adoptar para arranxar as debilidades, deficiencias, erros e

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

incumprimentos que se poñan de manifesto pola Intervención.

A súa vez o control financeiro divídese nas seguintes modalidades:

a) Control Permanente: comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúen no correspondente Plan Anual de Control Financeiro e que require un análise previo de riscos, así como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ó órgano interventor e que se veñan exercendo de maneira continuada (artigo 4.1 apartado b do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo).

b) Auditoría Pública: consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económica-financeira das entidades auditadas, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado, nas súas tres modalidades:

- Auditoría de contas: verifica si as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, da execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

- Auditoría de cumprimento: ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico- financeira se desenrolaron de conformidade coas normas que lle son de aplicación.

- Auditoría operativa: ten por obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos de organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación ós principios da boa xestión, a fin de detectar as súas

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 38



## Concello de Guitiriz

posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde a corrección daquelas.

A auditoría pública farase por tanto sobre os organismos dependentes, consorcios e entidades colaboradoras e beneficiarios de subvencións e axudas financiadas con cargo os orzamentos do Concello.

Ambas modalidades a súa vez incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grado de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

## **II. ÓRGANO DE CONTROL FINANCEIRO**

De acordo co establecido no artigo 136 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (en adiante LBRL), a función pública de control e fiscalización interna da xestión económico- financeira e orzamentaria, na súa triple acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, corresponderá á Intervención Xeral Municipal. Esta exercerá as súas funcións con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan precisos para o exercicio das súas funcións.

O artigo 92 bis da citada LBRL establece que son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións Locais as de control e fiscalización

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 38



## Concello de Guitiriz

interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación.

Así mesmo, a normativa que regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local, contida no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, en vigor a partir do 1 de xullo de 2018, no seu artigo 4.2 indica que o órgano interventor da Entidade Local exercerá o control interno con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades cuxa xestión sexa obxecto de control. A tales efectos, os funcionarios que o realicen, terán independencia funcional respecto dos titulares das entidades controladas.

A proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o Goberno establecerá as normas sobre os procedementos de control, metodoloxía de aplicación, criterios de actuación, dereitos e deberes do persoal controlador e destinatarios dos informes de control, que se deberán seguir no desenrolo das funcións de control indicadas no apartado anterior.

Os órganos interventores das Entidades Locais remitirán con carácter anual á Intervención Xeral da Administración do Estado un informe resumen dos resultados dos citados controis desenrolados en cada exercicio, no prazo e co contido que se regulen nas normas indicadas no parágrafo anterior.

Segundo descrición contida na páxina oficial do Tribunal de Contas, a finalidade última do control interno da Entidade Local é garantir que a actividade económico-financeira de dita Entidade se adapte os principios de legalidade, economía, eficiencia e eficacia.

Este control contribúe a reforzar a transparencia ante o cidadá das contas da Entidade Local, de forma que estas proporcionen unha

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

información fiable, completa, profesional e independente sobre a xestión desenvolada pola Administración.

Na actualidade o non existir unha Oficina de Control Financeiro, este control exercerase directamente polo Interventor Municipal contando co apoio das administrativas da Sección Económica.

### **III. REGULACIÓN XURÍDICA**

- Constitución Española
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante LRBRL).
- Texto refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (en adiante TRLRFL).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local tras a súa entrada en vigor (en adiante RD 424/2017).

Así mesmo, regularase pola normativa de control interno da Administración do Estado en todo aquilo que directa ou

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

suplementariamente sexa de aplicación.

### **IV. ÁMBITO SUBXECTIVO**

	FUNCIÓN INTERVENTORA	CONTROL FINANCEIRO		
		CONTROL PERMANENTE	AUDITORÍA PÚBLICA	
			DE CONTAS	DE CUMPRIMENTO/ OPERATIVA
CONCELLO DE GUITIRIZ	SI	SI	NON	NON

### **V. ALCANCE TEMPORAL DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO**

Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca dende a súa elaboración pola Intervención, ata o 31 de decembro de 2020.

O presente Plan seguiralle outro en cuxa elaboración se terán en consideración as conclusións alcanzadas neste. Hasta tanto non sexa aprobado, o presente Plan terase por prorrogado.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 38



## Concello de Guitiriz

### **VI. CONTIDOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO**

Os contidos que ha de incorporar un Plan Anual de Control Financeiro veñen descritos en termos xerais no artigo 31 do RD 424/2017, onde se establece o seguinte:

1. O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio.

2. O Plan Anual de Control Financeiro incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretenden conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles. A estes efectos, incluíranse no Plan as actuacións referidas no artigo 29.4 do Regulamento.

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan os feitos ou circunstancias na xestión sometida a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será preciso asignar prioridades para seleccionar as actuacións a realizar. Deste xeito, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e entenderase a

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKAKKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 38



## Concello de Guitiriz

conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas de risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

3. Identificados e avaliados os riscos, o órgano interventor elaborará o Plan Anual concretando as actuacións a realizar e identificando o alcance obxectivo, subxectivo e temporal de cada unha delas. O Plan Anual de Control Financeiro así elaborado será remitido a efectos informativos o Pleno.

4. O Plan Anual de Control Financeiro poderá ser modificado como consecuencia da execución de controis en virtude de solicitude ou mandato legal, variacións na estrutura das entidades obxecto de control, insuficiencia de medios ou por outras razóns debidamente ponderadas. O Plan Anual de Control Financeiro modificado será remitido a efectos informativos ó Pleno.

Do reproducido no artigo 31.2 distínguese dous tipos de contidos:

1) As actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal.

2) As actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretenden conseguir, as prioridades establecidas en cada exercicio e os medios dispoñibles.

u Actuacións derivadas de obrigas legais

## Concello de Guitiriz







## Concello de Guitiriz

Identifícanse como actuacións de control financeiro permanente derivadas de obrigas legais, sendo as que se relacionan a continuación segundo o previsto no artigo 4.1.b) do RD 128/2018:

1. O control de subvencións e axudas públicas, de acordo co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2. O informe de proxectos do orzamento e dos expedientes de modificación destes.

3. A emisión de informe previo á concertación e modificación das operacións de crédito.

4. A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do orzamento.

5. A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico - financeira ou orzamentaria lle sexan solicitadas pola presidencia, ou por un terzo dos concelleiros ou Deputados cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial, así como o ditame sobre a procedencia da implantación de novos servizos ou reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidades orzamentaria das respectivas propostas.

6. Emitir os informes e certificados en materia económico - financeira e orzamentaria e a súa remisión ós órganos que estableza a súa normativa específica.

Ademais das actuacións anteriormente relacionadas, poden considerarse de control permanente outras derivadas tamén de obrigas legais que, pola súa natureza, persigan propósitos similares aos do referido control. Sería o caso, por exemplo, da presenza da intervención en

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

órganos de goberno ou técnicos, ou incluso a remisión de información sobre avance trimestral da execución do orzamento ou indicadores de período medio de pago a provedores.

u Actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos

Farase seguindo as indicacións do artigo 31 de RD 424/2017. anteriormente reproducido.

### **VII. ACTUACIÓNS DO PLAN NO EXERCICIO 2020**

#### **1. CONTROL FINANCEIRO NA MODALIDADE DE CONTROL PERMANENTE**

A) En relación co estado de gastos do orzamento xeral:

u En materia de subvencións: a realizar sobre a xustificación que presentaran os beneficiarios das subvencións, pertencentes ás distintas liñas concedidas en réxime de concorrencia competitiva en 2020.

Tras unha primeira fase de presentación da conta xustificativa simplificada por parte das asociacións beneficiarias de tales subvencións dentro do prazo fixado na convocatoria, fase na que os centros xestores comprobaban a documentación aportada e requiren o arranxo de deficiencias ou posibles erros observados nas contas

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKAKKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 38



## Concello de Guitiriz

xustificativas aportadas, a Intervención procederá a realizar un control das xustificacións conxugando:

û A selección directa de determinados proxectos que van ser obxecto do citado control, en cuxa xustificación, tras a primeira fase, se detectaron irregularidades.

û A determinación do resto dos proxectos obxecto de control mediante técnicas de mostraxe.

En canto a axudas de emerxencia social concedidas levarase a cabo unha comprobación non tanto da parte formal de xustificación da subvención senón da parte material relativa o cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

u En materia de persoal: Comprobación aritmética dos cálculos e adecuación das percepcións salariais por antigüidade (trienios, ...) ás disposicións legais e regulamentarias vixentes, referida tanto a persoal funcionario como laboral. Tamén se fará un estudo dos expedientes de cursos de formación de persoal que conteñan pago de quilometraxe por asistencia os mesmos.

u En materia de contratos:

o Análise dos contratos menores celebrados polo Concello no período comprendido entre o 01/06/2020 a 01/09/2020. Analizarase a facturación anual de aqueles provedores (seleccionando mediante técnicas de mostraxe) que veñen prestando sucesivos contratos menores cando constitúan unha unidade, cando con elo superen as contías máximas que limitan este tipo de

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

contratos.

- o Análise de contratos maiores, mediante selección por mostraxe de dous dos contratos tramitados ou vixentes no exercicio 2020, comprobando no mesmo o procedemento seguido no expediente e o cumprimento da normativa vixente sobre contratación e outras normas de aplicación.

u En materia orzamentaria: análise dos expedientes de modificación de crédito tramitados a través de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito.

B) En relación co estado de ingresos e a súa vez en conxunción co de gastos: analizarase a tramitación das taxas tramitadas no segundo e terceiro trimestre de 2020 do servizo de recollida de residuos, alcantarillado e subministro de auga.

### **VIII. EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS**

As actuacións a realizar para o control financeiro permanente dependerán da materia obxecto de control, e poderán consistir entre outras en:

- a) O exame de rexistros contables, contas, estados

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 38



## Concello de Guitiriz

financeiros ou estados de seguimento elaborados polo órgano xestor.

b) O exame de operacións individualizadas e concretas.

c) A comprobación de aspectos parciais e concretos dun conxunto de actos.

d) A verificación material da efectiva e conforme realización de obras, servizos, subministros e gastos.

e) O análise dos sistemas e procedementos de xestión.

f) A revisión dos sistemas informáticos de xestión económico - financeira.

g) Outras comprobacións en atención ás características especiais das actividades realizadas polo órgano xestor e os obxectivos que se persigan.

### **IX. RESULTADOS DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO**

Conforme o previsto no artigo 35.1 do RD 424/2017, o resultado das actuacións de control financeiro, documentaranse en informes escritos, nos que se expoñerá de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser corrixidas mediante unha actuación correcta inmediata.

Igualmente, terase en conta que, conforme o artigo 35.2 da mencionada disposición, a estrutura, contido e tramitación dos

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 38



## Concello de Guitiriz

mencionados informes axustarase ó establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Á luz do establecido nos artigos 35, 36 e 37 do RD 424/2017, os resultados de control financeiro materializarase e tramitarase conforme se indica a continuación:

- ü Todos os informes provisionais (a excepción da fiscalización de xustificación de subvencións) serán remitidos ós órganos xestores afectados, para que no prazo máximo de quince días, poidan presentar cantas alegacións consideren oportunas, ó obxecto de proceder o seu estudio e elaboración dos informes definitivos.
- ü Os informes definitivos de control financeiro, serán remitidos pola Intervención aos citados órganos xestores e ó Alcalde, así como a través deste último, o Pleno do Concello para o seu coñecemento.
- ü Non se contemplan nestes trámites a fiscalización de xustificación de subvencións, elaborándose un informe pola intervención e ditándose Decreto ó respecto.
- ü O amparo dos citados informes definitivos, cando fora preciso elaborarse un Plan de Acción de cara a corraxir as debilidades, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe de Control Financeiro posterior que se realizara no exercicio 2021.
- ü Tamén serán enviados ós órganos que prevé o artigo 5.2 do

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local, cando en ditos informes se aprecie a existencia de feitos que poidan dar lugar, ás responsabilidades que nel se describen.

ü Inclúese no presente control análise das actuacións levadas a cabo, derivadas do informe resumen anual de control financeiro do exercicio 2019.

O voceiro do grupo PP di que como se trata de dar conta, queren que lle expliquen que é o Plan anual de control financeiro.

O Sr. Interventor explica que é un plan que establece as bases sobre as que nós no exercicio que ven imos analizar o presente exercicio. Unha especie de control diario de ingresos e gastos, agora que o concello está preparado, despois da ultima reorganización, cada ano podemos facer unha reflexión de determinados aspectos da actividade económica do concello que cremos que se poden mellorar, elixíronse uns que nos parecen interesantes e no seu momento farase un estudo e presentaremos as nosas conclusións co animo de mellorar, unha especie de auditoría interna.

A Sra. Alcaldesa di que é obrigatorio levalo ao Pleno para que os grupos de oposición saiban que se está a facer isto.

O voceiro do grupo BNG di que entende que o punto 4 e 5 están enlazados, porque se dá conta do Plan anual de control financeiro e do Plan de acción, co que hai que ir vendo o que faga a intervención.

A Sra. Alcaldesa di que se leva a cabo, xa que dende a intervención así o propuxeron, porque entendemos que é unha forma de mellorar o funcionamento e polo a xestión dos ingresos e gastos e que vai ser beneficioso para o concello xa que neste momento temos a capacidade polo persoal que temos de abordalo.

**Dar conta do Plan de acción para o exercicio 2020 ao Pleno da Corporación. Expediente 449/2020.**

**Favorable**

T  
V  
L  
e

Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

to

Dase conta ao Pleno da Corporación do seguinte Plan de acción para o exercicio 2020:

EXPEDIENTE Nº 449/2020

### PLAN DE ACCIÓN

A continuación presentase o Plan de Acción para o exercicio 2020. O obxectivo principal será establecer o conxunto de medidas a adoptar para subsanar as deficiencias detectadas na xestión económico - financeira e orzamentaria da Entidade tras a emisión do Informe Resumen Anual do Control Interno da Entidade do ano 2019 (informe nº 2020-0046 de data 28/04/2020).

De acordo co disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano competente para a formalización deste Plan será o Presidente da Corporación, no prazo máximo de 3 meses dende a remisión do referido informe resumen anual ó Pleno.

Posteriormente será remitido ó órgano interventor para a valoración das medidas contidas no mesmo e os resultados obtidos.

#### I. ANTECEDENTES

v Primeiro. Exercicio de Control Interno.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA21YJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 de 38





## Concello de Guitiriz

Co propósito de asegurar unha xestión regular e eficaz dos fondos públicos, e co obxectivo de lograr un maior rigor no control económico-orzamentario desta Entidade, a Intervención da mesma, en virtude do artigo 2.1 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público local, exerce o control interno de dita xestión mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro.

### v Segundo. Informe resumen anual de control interno.

Precisamente no exercicio desta función e en atención o disposto no artigo 37 do referido Real Decreto 424/2017, o órgano interventor elaborará anualmente e con ocasión da aprobación da conta xeral, un informe resumen dos resultados do control interno efectuado no exercicio, no que se poñerán de manifesto as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos detectados nas actuacións da Entidade e que serán susceptibles de provocar prexuízos para a Tesourería ou para a súa propia xestión.

Para elo, o órgano interventor deberá recoller as apreciacións dos informes emitidos na súa labor fiscalizadora, e as valoracións realizadas en cada un dos informes de control financeiro permanente e auditorías públicas levadas a cabo na Entidade Local, conforme ás actuacións recollidas no Plan Anual de Control Financeiro.

A este respecto emitíuse por parte da intervención municipal o Informe Resumen Anual sobre o control interno do ano 2019, con número 2020-0046 e data 28/04/2020, incorporado no expediente de referencia 449/2020.

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

En dito informe faise referencia as actuacións de control levadas a cabo e as actividades controladas que son as seguintes:

### 1. SUBVENCIONS A PAGAR

Faise mención ás axudas de emerxencia social, subvencións nominativas e subvencións directas excepcionais.

Cabe destacar neste apartado que se propón pola Intervención Municipal un control na xustificación material das axudas, máis alá do mero análise formal. Tamén compre analizar o cumprimento da normativa específica de subvencións concretamente o referido os trámites precisos na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### 2. SUBVENCIONS A COBRAR

Neste punto expón a Intervención a situación da xestión municipal das subvencións recibidas pola Entidade Local , destacando a existencia dunha importante des coordinación entre persoal que tramita e xustifica subvencións e o departamento de intervención e contabilidade o que provoca dificultades a hora de xustificar e contabilizar as mesmas. Tamén ten como consecuencia un desaxuste entre pago de facturas e cobro do importe subvencionado coas consecuencias de desviacións de financiación relativas a proxectos con financiación afectada que tención consecuencias no resultado orzamentario axustado da liquidación do exercicio que provocan un desequilibrio no orzamento.

### 3. RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO

Fálase neste punto dos recoñecementos extrajudiciais

Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

exercicio 2019, tanto os aprobados por Xunta de Goberno Local coma polo Pleno, sendo neste caso a maior parte das facturas incluídas nos mesmos as rexistradas entre o 10/12/2018 e 31/01/2019 que segundo a Base 8 das Bases de Execución do Orzamento para 2019 poden imputarse ó orzamento do vixente exercicio.

Como caso puntual fala do recoñecemento extraxudicial de facturas do servizo de axuda no fogar por unha empresa externa, que sendo unha situación complexa viuse solventada coa xestión directa do servizo que asumiu o Concello.

#### 4. AXILIDADE NOS PAGOS E TRAMITACIÓN DE GASTOS

En canto a tramitación de facturas, indemnizacións e outros pagos explicase por parte de Intervención que se realiza con bastante rapidez e axilidade a pesar de todos os requisitos que se seguen no expediente, facendo fincapé na necesidade de que os empregados públicos que non traballan na Casa Consistorial, senón en outras dependencias municipais (Centro de Día, Gardería, ...) ou no exterior (xardiñeiros, peóns, ...) e que teñen que conformar facturas polo seu cargo pasen a formar parte da plataforma Xestiona para que poidan consultar, información e firmar ou acción que sexa precisa dixitalmente e non atrasen o procedemento de aprobación e pago de facturas.

Tamén fala no informe da dificultade de tramitación de facturas da luz debido á cantidade mensual de facturas que se reciben o correspondente a cada unha a un punto de subministro.

#### 5. CONTRATOS MENORES

Faise referencia a tramitación por parte da área de Intervención - contabilidade dos contratos menores (< 3.000€) que a pesar

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

tramitarse con axilidade, a falta de persoal complica a tramitación, dado que se realizan moitos contratos menores, en moitas ocasións de cantidades con moi pouca relevancia a nivel de orzamento, pero que requiren o cumprimento do artigo 118, da Lei de Contratos.

### 6. PAGOS A XUSTIFICAR

Non é un procedemento moi usado nesta entidade local, salvo para o caso das facturas de ITV dos vehículos municipais ou para gastos puntuais como pode ser o Campo de Traballo (voluntariado) ou atencións protocolarias puntuais.

Cúmprense os requisitos esixidos e conta expediente con todos os trámites para cada pago a xustificar, sen atoparse deficiencias por parte da intervención.

### 7. ENDEBEDAMENTO

Tal e como consta no informe non existe endebedamento nesta Entidade Local.

### 8. XESTIÓN RECAUDATORIA

Unha gran parte da xestión recaudatoria de impostos delegada na Deputación Provincial (IVTM, IBI,...), pero en canto á parte de recaudación que se tramita dende o concello (ICIO; taxa recollida residencial; subministro auga potable, ...) consta no Informe que debe ser reforzada e máis en relación a súa xestión.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2L1J33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 38



## Concello de Guitiriz

### II. ACCIÓNS

Á vista dos antecedentes anteriores desenrolase o presente Plan de Acción, formalizado polo Presidente desta Entidade, reforzando así o procedemento de control interno establecido:

- Adoptando as medidas correctoras precisas.
- Indicando o responsable de implementalas.
- Establecendo un calendario de accións para solucionar as deficiencias detectadas.

A principal finalidade será a planificación e posta en marcha das liñas de acción a aplicar naquelas áreas ou sectores da xestión económica e financeira da Entidade identificados como prioritarios ou máis significativos para lograr arranxar os defectos detectados.

ACTIVIDADE CONTROLADA	DEFICIENCIAS DETECTADAS	MEDIDAS CORRECTORAS	GRAO CUMPRIMENTO
SUBVENCIONS A PAGAR	Falta de implicación do persoal responsable no control e xustificación material das axudas, Tramitación na BDNS.	Implicación do persoal responsable no control e xustificación material das axudas, comprobando as mesmas e informando de dito control no expediente correspondente.	Con data 19/05/2019 realizáronse as accións previas para a realización do control por parte do órgano administrador interno e solicitude de servizos w...

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

		<p>O Nomeamento de persoa responsable para tramitacións e cumprimento de obrigas no relativo a BDNS.</p>	<p>plataforma da BDNS. A partir deste intre e a través das persoas designadas comezan a tramitarse os expedientes co cumprimento no relativo as BDNS, sendo no exercicio 2020 cando se cumpra na súa totalidade.</p>
<p>SUBVENCIÓNS A COBRAR</p>	<p>O Des coordinación entre persoal que tramita e xustifica subvencións e departamento de intervención - contabilidade.</p> <p>O Desfase entre pago de facturas e cobro de subvencións en proxectos con financiación afectada.</p>	<p>O Modificacións na Relación de Postos de Traballo para integrar na mesma área o persoal de intervención - contabilidade e subvencións.</p> <p>O Implicación directa do Equipo de Goberno para a xestión eficaz e eficiente das subvencións solicitadas, con determinacións claras á hora de concretar os proxectos con financiación afectada, así como na execución, xustificación e tramitación dos mesmos.</p>	<p>Tramitouse a 6ª modificación da RPT asinando con data 19/11/2019 o Texto Refundido da Relación de Postos de Traballo do ano 2020. En dita modificación atópase o novo organigrama onde nos atopamos unha sección económica con 5 postos de traballo en dúas divisións, unha de xestión económica e outra de tesourería e recadación. No departamento de xestión económica atopámonos cos seguintes departamentos: Interventoría de Emprego e Desenvolvemento Económico e Administrativo Económico.</p> <p>Ante esta situación o persoal responsable da tramitación de subvencións integrase dentro da sección económica, facendo deste xeito a conexión para esta xestión económica.</p>

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

RECOÑECEMENTO S EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO	o Inexistencia de crédito para facturas de servizo axuda no fogar externo.	o Xestión directa con persoal propio do servizo de axuda no fogar.	subvencións. ü Dende xullo de 2019 xa se asumiu por parte do Concello a xestión directa na súa totalidade do servizo de axuda no fogar sendo a última factura pagada a empresa externa a número 241 rexistrada con data 01/07/2019 e número de rexistro 3231. ü Para unha correcta organización e xestión do servizo de axuda no fogar tamén se fixeron modificacións na RPT creando 28 postos de traballo de persoal laboral fixo como auxiliares de axuda no fogar.
AXILIDADE NOS PAGOS E TRAMITACIÓN DE GASTOS	o Falta de acceso do persoal que conforma facturas á plataforma Xestiona. o Tramitación de facturas de luz.	o Inclusión do persoal responsable de conformar facturas ou tramitar expedientes na Plataforma Xestiona. o Cumprimento do contrato por parte do adjudicatario para o envío de factura única e facer especial referencia a este aspecto no novo expediente de contratación de subministro de enerxía eléctrica 2020-2021 (Exp. 441/2020)	ü Para axilizar os trámites e cumprir con todos os requisitos da administración electrónica e á sección dearía responsable da plataforma Xestiona para a inclusión dos traballadores na plataforma de usuarios da Xestiona. Agardase incorporados traballadores rbreve de tempo tamén requeren proceso de ac

## Concello de Guitiriz



## Concello de Guitiriz

			formación para os mesmos. ü En canto as facturas do subministro eléctrico indícase o departamento de contratación que sexa unha das cláusulas do novo contrato a factura única para todos os puntos de subministro, co correspondente desglose para as oportunas comprobacións.
CONTRATOS MENORES	O Falta de persoal para tramitación rápida e áxil.	O Modificacións na RPT para ter o persoal preciso para tramitación de expedientes de contratos menores.	o Tramitouse a 6ª modificación da RPT asinando con data 19/11/2019 o Texto Refundido da Relación de Postos de Trabajo do ano 2020. En dita modificación atópase o novo organigrama onde nos atopamos unha sección económica con os de traballo en dúas seccións, unha de xestión económica e outra de tesorería e recadación. No departamento de xestión económica atopámonos cos seguintes: interventor; T. de Emprego e Desenvolvemento Administrativo Económico. Na tesourería e contamos con un departamento de xestión (tesoureiro)

## Concello de Guitiriz







## Concello de Guitiriz

			administrativo de sección económica. Con esta modificación aumenta o persoal na sección económica con un administrativo máis con dedicación completa a esta área que posibilita axilizar o traballo.
XESTIÓN RECAUDATORIA	O Xestión recaudatoria propia pouco eficiente e ineficaz.	O Modificacións na RPT para reforzar a área de tesourería onde se realizan estas xestións de recaudación.	ü O mesmo que o comentado para os contratos menores aplicase para este apartado, dado que coa modificación da RPT aumenta o persoal no servizo de tesourería podendo así levar a cabo unha xestión máis eficiente e eficaz na área de recaudación xestionando mellor o cobro de taxas, prezos públicos, etc, o que vai ter consecuencias positivas na liquidez do orzamento dispoñendo de dereitos pendentes de cobro e mellorando o remanente de tesorería.

Ademais das datas que se indican na táboa anterior cabe dicir que o prazo cumprir a totalidade das accións a realizar e dar cumprimento as deficiencias detectadas está no terceiro trimestre do exercicio 2020, de modo que no último trimestre e para rematar o ano xa teñen que estar corrixidas todas as deficiencias expostas, sendo o persoal responsable aquel que asume dita responsabilidade.

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

seccións ás que se fai referencia na táboa.

A Sra. Alcaldesa explica que o Concello ten un sistema de funcionamento, imos a facer unha auditoría para ver en que puntos funciona peor, non é que funcione mal en ningún, pero nuns funciona mellor e noutros peor, e tratar de que neses puntos que funcionan non tan ben funcionen igual de ben que os que xa están funcionando correctamente. O interventor está a disposición dos grupos da oposición para aclarar calquera dubida que poda xurdir.

### Moción do grupo BNG sobre as obras no colector do río Veiga. Expediente 483/2020.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 1, En contra: 7,  
Abstencións: 5, Ausentes: 0

MOCIÓN PARA DENUNCIAR A CUNCA HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL POLAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NA RECEPCIÓN DAS OBRAS DO COLECTOR DO RÍO VEGA [N. Expediente 483/2020]

Exposición de motivos:

No ano 2018 comezou a obra realizada pola Cunca Hidrográfica Miño-Sil para eliminar o colector que ía ao longo do Río Veiga, dende os Sete Muíños ata a depuradora. Este colector que percorría ao longo do río tiña moitas fisuras que se converteron pouco a pouco en vertidos contaminando continuamente as augas do río, do cal máis adiante se bombea auga para os depósitos que almacenan o abastecemento da traída de Parga.

Esta obra que construíu unha empresa contratada pola Cunca Hidrográfica Miño-Sil consiste en dúas estacións de bombeo, unha nos Sete Muíños que bombea as augas residuais ao colector xeral ao comezo da Rúa Boa Veciña, outra ao lado da Ponte do Forzá, que bombea estas augas ao colector xeral que hai ao longo da nacional VI. Tamén construiu unha estación de recepción e tanque de tormentas na depuradora de Guitiriz.

Esta obra que custou 1.020.000 euros, dos cales a Deputación de Lugo aportou 250.000 euros e o Concello aportou 200.000 é un auténtico desastre dende a súa recepción por parte do Concello. Nas estacións de bombeo montaron sistemas de limpeza manuais e moi anticuados, sendo necesarios dous operarios do Concello para a súa limpeza. Este sistema de limpeza para as estacións de bombeo teríase que facer con moita frecuencia para evitar o atasco da tubeira de impulsión das bombas. Esta tubeira de impulsión dende as estacións de bombeo ata o entronque co colector xeral carece de ningún tipo de rexistros, polo que o normal se non se limpa con moita frecuencia a estación de bombeo, acaba atascándose a tubeira de impulsión, como finalmente ocorreu.

Dende mediados do mes de maio estamos vertendo ó río todo o que recollen os colectores do Campo da Feira e os arredores, é lamentable e vergoñento o que estamos vertendo ó río, estamos dando una imaxe deplorable e noxenta.

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

A Cunca Hidrográfica Miño-Sil tiña a obriga de reparar e corrixir durante o prazo de garantía, que era de un ano, todos aqueles defectos imputables á execución da obra, como así recolle o convenio asinado entre a Cunca Hidrográfica, a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz. Damos por entendido que os responsables destas instalación do Concello fixeron estas reclamacións ao longo do ano de garantía.

Polo exposto propoñemos ó Pleno o seguinte acordo:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao goberno do concello a denunciar ante a xustiza a Cunca Hidrográfica Miño-Sil por non adecuar e arranxar as eivas atopadas na obra de substitución do colector de augas residuais, polas dúas estacións de bombeo e todo o sistema que leva consigo ata a chegada a depuradora de Guitiriz.

2º.- Instar ao Concello a baleirar continuamente con cisternas a estación de bombeo do Forxá para evitar o vertido o río, ata que se desatasque a tubeira de impulsión das bombas.

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do grupo PP di que esta de acordo coa presentación desta moción por parte do BNG, en canto a que os verquidos producen contaminación e, sobre todo co punto número dous da súa moción, en canto a que debe de haber periodicamente un baleiramento das cisternas por parte do Concello, segundo di o Sr. Pereira.

Nos pensamos que antes de denunciar, por iso non estamos de acordo co punto primeiro desta moción, hai que saber a ciencia certa quen é o verdadeiro responsable desta desfeita e non botar as campás ao voo.

Por qué? Pois porque esta obra a fixeron tres administracións, Concello de Guitiriz, Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, aínda que esta última sexa unha Entidade de Dereito Público, adscrita ao Ministerio para a Transición Ecolóxica do Goberno de España, como organismo autónomo, dependente da Secretaria de Estado de Medio Ambiente, quere isto dicir que depende da Administración do Estado por formar parte de ela e, polo tanto e Administración. Pois ben, dita obra tivo que ser contratada a unha empresa privada quen executou as obras, empresa que tivo que ir a un concurso para facerse cos dereitos de poder facela, pois que nós saibamos a Confederación Hidrográfica Miño-Sil non fai obras directamente, como vostede quere dar a entender no seu escrito.

Non sabemos si o noso Concello cumpre todos os requisitos que adquire no momento da recepción da obra, tales como mantemento en xeral, limpeza, engrases, etc.

Vostede Sr. González Souto di que o sistema é moi anticuado, pois e manual, e nos preguntámoslle, como pode ser anticuado unha obra que non ten nin dous anos de vida?

Digo isto xa que vostede dí na súa moción presentada, que segundo as súas verbas “no ano 2018 comezou a obra realizada pola Cunca Hidrográfica Miño-Sil para eliminar o colector que ía ao longo do río Veiga”.

Dicirlle, iso si, con todo respecto a súa persoa, que a Cunca Hidrográfica non realiza obras, se non quen as realiza por medio de empresas que se presentan a concurso e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, e súa xurisdición é a cunca, onde non só fai obras, se non nese ámbito territorial desenvolve as súas competencias e, tamén quérolle aclarar que o río Veiga non existe, xa que as veigas son feitas polos ríos que as atravesan, polo tanto ese río e o Ladroil, que é o afluente do río Parga.

Como é que o Concello non se decatou de que esta obra era anticuada e manual e

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

precisaba de atención diaria ou constante no tempo por parte dun técnico?

Porqué vostede pensa que é anticuada, por seren manual, non se decatou que as veces debido as condicións climáticas da zona e mellor cunha cousa sexa manual a automática, xa que esta última se pode estragar cada dous por tres, entre outras cousas debido a humidade persistente, ou a fallos eléctricos influídos polo clima, como poden ser as tormentas agora no verán.

Entón Sr. Pereira dígame vostede, quen é verdadeiramente o responsable, pois dende o punto de vista xurídico habería que denunciar ao resto das administracións, que cooperaron na construción da obra e, a empresa construtora que a fixo, máis o problema que estamos a ter e, aínda non está dirimido, é quen ten verdadeiramente responsabilidade do mal funcionamento.

Vostede, Sr. Pereira, ou mellor dito, vostedes, incluídos todos os concelleiros/as presentes de todos os partidos que formamos esta Corporación Municipal, preguntolles sen ningún tipo de acritude, teñen a certeza de que é a Confederación Hidrográfica Miño-Sil a culpable dos verquidos?. Que responsabilidade teñen as outras Administracións?. Que responsabilidade no mantemento ten o Concello de Guitiriz?

Dende o noso punto de vista, a responsabilidade na construción non depende dos cartos investidos segundo sexa unha administración ou outra, se non que é responsabilidade das tres e, polo tanto, esta sería unha responsabilidade civil subsidiaría, das tres administracións, e tamén é responsable en primeiro lugar, se cadra, a empresa que fixo a obra, claro está si efectivamente os verquidos que van ao río Ladroil e que chegan a Parga polo río do mesmo nome, por seren este un afluente del, xorden pola mala construción ou polo mal mantemento, pois aí está o dilema.

Polo tanto, Sr. Pereira, sendo moi loable o seu interese polos verquidos, pola contaminación da auga que se recolle na vila de Parga para beber e lavarse, e incluso regar as pequenas hortas, pídolle que acougue, que acouguemos todos e estudemos ben o tema antes de demandar a Confederación Hidrográfica Miño-Sil pois, ao peor, esta demanda ao Concello de Guitiriz, e si a responsabilidade no mantemento correspóndelle ao noso concello, imos ter, non só que arranxar a desfeita que producen os verquidos, máis as máquinas que estean estragadas, se non aos nosos letrados e as costas xudiciais dos letrados da Confederación Hidrográfica Miño-Sil que nos impoñan os xuíces por seren nós responsables, pois nos cremos co Concello non estivo a altura e non fixo as obras cuxo compromiso lle correspondía dende que a obra pasa a mans do noso Concello, pois se non Sr. González Souto, como é que vostede pide que se limpe a cisterna se non temos como Administración Local responsabilidade?

Polo tanto, se podemos baleirala é que temos dereitos sobre ela, e que temos competencia, pois xa esta nas nosas mans, xa depende o seu mantemento do Concello de Guitiriz, non si?

Miremos ben antes toda a documentación que ten que estar depositada no Arquivo do Concello, fagamos pesquisas para saber de quen é verdadeiramente a responsabilidade e, logo denunciemos se fose necesario, máis nos pensamos que os dirixentes do noso Concello, os do Partido Socialista Obrero Español (PSOE), seguramente os da lexislatura da señora Regina Polín non estiveron a altura, e non fixeron ben os deberes, que consisten en ter un bo mantemento para que non se estraguen as cousas.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

A Sra. Alcaldesa comenta que esta obra ten un proxecto de Augas de Galicia do ano 2014 e o final da execución da mesma é de 2018, o que se me ocorre é que si un proxecto do ano 2014 foi executado no 2018 sen facer ningunha modificación de devandito proxecto, pode que houbera algunha cousa que cambiara nesos catro anos e non fora modificado.

O proxecto o fixo a Augas de Galicia, os cartos recaian maioritariamente na Confederación Hidrográfica que foi a que aportou o maior volume e fíxose un convenio de colaboración, unha parte aportouna a Deputación e outra parte o Concello de Guitiriz, unha vez que a obra foi recibida polo concello a responsabilidade do mantemento recae no mesmo.

Dende o concello fixéronse todas as reclamacións en prazo, ao longo de 2019 enviáronse escritos a Confederación facendo mención das deficiencias que se observaron na obra unha vez recibida, algunhas foron emendadas por parte da empresa e outros non, ou non polo menos como quería o concello.

Nesa zona de Guitiriz as augas pluviais non van separadas da residuais co cal chega moita area a ese colector e esa area fai que as bombas sufran moito desgaste.

Dende que estou eu aquí, estiven en contacto coa Confederación e na última conversa que tiveron co Presidente da Confederación comprometeuse a que un técnico viñera a ver a obra. Veu un enxeñeiro e explicámoslle todas as deficiencias que lle viamos e comprometeuse a facer un proxecto para intentar solucionar todas as problemáticas que nos lle transmitimos e de paso aproveitamos a ocasión para facer algunha petición máis, a renovación da rede de saneamento tanto en Guitiriz como en Parga.

En principio aceptaron a nosa petición e espero que nos axuden a facer as intervencións que lles pedimos.

Dicir, que neste momento, dende fai días non está vertendo nada, as bombas están funcionando e intentaremos que sigan así.

Eu pola miña parte seguirei contactando coa Confederación Hidrográfica para que nos axuden tanto nas melloras que se podan facer neste proxecto como noutras melloras que nos podan axudar a que, tanto a depuradora como o colector, sexan máis eficaces no seu funcionamento.

Meter ao concello noutra demanda xudicial non é o máis oportuno neste momento, non sei ata que punto a responsabilidade e so da Confederación posto que isto parte dun proxecto de Augas de Galicia, por esi penso que máis rápido que todo iso é solicitar a colaboración das distintas administracións para emendar os defectos deste colector investindo o menos posible e por outro lado si nos poden axudar a facer outras melloras e moito mellor. Pola nosa parte seguiremos intentando negociar coa Confederación para que emenden isto e por tanto nos cremos que non procede ningún tipo de denuncia.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que esos verquidos se veñen producindo dende hai moitos anos e quen solicitou iso foi o Sr. Texido cando foi alcalde no 2014 pero a obra comenzase no 2018, entón chegamos a conclusión que todo isto ven da época da señora Polín seguramente, a obra executouse no ano 2018 e era a señora Polín alcaldesa. Para nos o problema é que non houbo unha

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

limpeza en condicións, pensamos que é mais unha cuestión de mantemento que da obra en si, a proba é que vostede esta dicindo que esta solucionado o problema, entón o mantemento estase a facer.

A Sra. Alcaldesa responde que o mantemento faise sempre, pero as veces pola cantidade de area que arrastran as augas pluviais e que van a mesma rede e moi difícil manter as bombas, alí hai que impulsar a auga a moita altura, penso que é un fallo do proxecto porque creo que non se pode impulsar auga a 20 metros de altura, ese proxecto contempla unha bomba que bombea auga a 20 metros de altura por unha rede que arrastra moita cantidade de area porque van as augas pluviais e residuais xuntas, e esta area e a que fai que as bombas se desgasten.

O voceiro do grupo PP di que pensa que o no punto 1 da moción non se debe levar a cabo porque ao mellor é o concello de Guitiriz o responsable do que esta a pasar por culpa do mal mantemento durante tempo.

O voceiro do grupo BNG di que en primeiro lugar vai aclarar algunha data, hai erros nas datas que se mencionan por ai. No convenio que teño diante pon, Proxecto do Colector Rio Veiga, redactado por Augas de Galicia no mes de febreiro de 2015 e o convenio é de 2016.

Dicir que cando se recibiu a obra por parte do Concello eu estaba alí e ensináronnos como funcionaba e é claramente o que está pasando, é anticuado para os tempos en que vivimos porque o sistema automático de recepción de lixo, na depuradora hai un sistema automático que recolle todo iso, semiautomático e digo semiautomático porque o recolle un sinfín que vai para un contedor que logo hai que baleirar manualmente. No caso dos Sete Muiños case non fai falta porque non van trapos, toallas e so auga pero no Forxa, que é onde esta o problema, si a limpeza se fixera a miúdo non atascaría.

A Sra. Alcaldesa di que o problema non é que se atasque, é que as bombas, coas areas que leva a canalización desgástanse moitísimo, moito máis que si esas areas non entraran.

Esa limpeza da que fala non hai problema en facela, pero o que é mais complicado é evitar que non chegue tanta area as bombas, para que non se desgasten máis do habitual.

O voceiro do grupo BNG di que si lle podo dicir que estivemos vertendo todo ao río, dende o 19-20 de maio ata fai uns días, e iso si e grave e alguén ten que ser o responsable.

Temos dereito a reclamarlle a Cunca Hidrográfica porque eu non sei si esa mesma Cunca nos vai sancionar polos verquidos que estivemos facendo xa que por outros mais pequenos si nos sancionou.

Non se pode consentir estar vertendo durante dous meses ao río, unha cousa e que haxa un verquido puntual pero o do colector é moi grave.

Non sei si as reclamacións se fixeron en condicións pero hai que denunciar a Cunca Hidrográfica que é a responsable da obra, o concello sería responsable dende que recibe a obra, pero tivo un ano para reclamar as deficiencias

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Na Ponte Veiga, antes da depuradora, cando hai tormentas, aquilo parece unha fonte, sae a auga a mais de 2 metros de altura.

A Sra. Alcaldesa di que os vertidos ao río non me parecen graves, parécenme gravísimos, ao igual que me parecen gravísimos todas as deficiencias que hai na rede de saneamento. Agora ben, nos xa fixemos as reclamacións, pero vostede fala na súa moción de denunciar ante a Xustiza e imos a votar en contra.

**Sometido o asunto a votación é rexeitado por 7 votos en contra do grupo PSOE, 1 voto a favor do grupo BNG, e 5 abstencións do grupo PP.**

### Moción do grupo PP sobre o centro de día na escola de Parga. Expediente 710/2020.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Colexio Santo Estebo sito na vila de Parga, mermou moito en cativos e nenos que están a estudar nel.*

*O Grupo Popular neste Concello sen pretender de ningunha maneira pechar o centro, se non ampliar as súas funcións en canto a que a ese edificio se lle saque máis proveito, creando máis servizos a Parga e a súa contorna.*

*Por todo elo, elevase ao Pleno esta MOCIÓN, na que se propoñen os seguintes ACORDOS.*

*1º.- Qué é moi necesario para o concello de Guitiriz abrir outro Centro de Día, e nos cremos que é necesario abri-lo na vila de Parga.*

*2º.- Qué no edificio do Colexio Santo Estebo de 3 partes 1/3 se dedique a Centro de Día.*

*3º.- Qué dende a entrada principal do Colexio, ao entrar a a zona da esquerda composta de aula, pasillo e a zona de ximnasio pasen a formar parte do Centro de Día, habilitando outra porta de entrada polo sur-oeste do edificio, tendo dereito a utilización do comedor en horas distintas tanto as persoas maiores coma os nenos.*

*4º.- Se fose necesario facer unha pequena obra, como outro pasillo e comedor a maiores do que hai, se faría, quedando pois a cociña a disposición tanto do Colexio Santo estebo coma do Centro de Día de Parga.*

*5º.- Qué se cree unha COCIÑA POPULAR onde se faga non só o xantar para o*

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

*Centro de día e para os nenos, senon xantar para levar as casas das persoas que o pidan a un prezo modico. A zona onde se repartiría o xantar as persoas maiores que o soliciten serían, os barrios das parroquias seguintes: Santo estebo de Parga, Pedrafita, San salvador de Parga, Santa Cruz de Parga, Trasparga, Roca, Becín, Santa Locaia de Parga e Sambreixo de Parga.*

*6º.- Como punto derradeiro, converter o patio cuberto do Colexio Santo estebo de Parga, nun pavillón polideportivo, facendo gradas exteriores, con cuartos de baño, duchas e vestiarios, e pechando todo de maneira que haxa uns ventanais que deixen entrar a luz, e evitando que poidan entrar animais como paxáros que con seus excrementos enchen ata de agora todo o chan.*

*Este pavillón polideportivo valería para seren utilizado polos nenos en primeiro lugar, polos rapaces da vila de Parga en intres onde non haxa clases, como poden ser os días de semana e durante as vacación do Nadal, Semana santa e os meses de verán, e tamén para celebracións lúdicas, tanto culturais e sociais polo resto do pobo, e tamén das xentes que viven noutras parroquias do nosos Concello.*

*O que pretende facer o Partido Popular é poñer en valor ese edificio, e poñelo ao servizo da vila de Parga e da súa contorna, que son as parroquias antes nomeadas. Que quede moi craro, que non pretendemos de ningunha das maneiras botar os nenos da vila e pechar o centro escolar, Deus nos libre diso, pois nos defendemos cun pobo sen nenos é un pobo morto, e Parga está e seguirá viva.*

*Cremos que é unha boa acción, e un bo investimento que ese edificio a día de hoxe é necesario compartir e, que é bo para Parga e a súa contorna.*

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do grupo BNG di que no BNG opinamos que estas dúas maneiras de uso que o PP propón para o colexio de Parga non son compatibles de ningunha maneira, e a pesares do que comentan na moción e unha forma máis de ir preparando ou enunciando o seu peche total.

A lexislación vixente non vai a permitir que se comparta o edificio do colexio con un centro de día de persoas maiores, tanto sanitaria mente como na súa adaptación e convivencia, tanto na preparación das comidas como nas saídas os patios de recreo para os nenos de primaria, ou para o paseo ou descanso para as persoas maiores, é obvio e enténdeo calquera.

Non estamos dicindo que non faga falta un centro de día mais no Concello, neste caso en Parga, porque e evidente que coa poboación que temos e cada vez mais avellentada, non só faría falta en Parga si non que o de Guitiriz faise pequeno, opinamos que o lugar que propoñen non é o adecuado.

Que vai primeiro? No rural cada vez hai menos colexios porque non hai alumnado, ou non hai alumnado porque non hai colexios, e a pescada que se morde a cola. A resposta é que o rural abandónase paulatinamente porque non hai futuro, no BNG non vamos a colaborar co peche parcial do colexio de Parga.

Dende hai moitos anos as políticas do PP nos están levando a que haxa cada vez mais vellos, e cada vez menos xente nova, sabemos todos que o alumnado do colexio de Parga vaia a menos todos os anos.

O noso rural está morrendo lentamente e cando o queiramos recuperar vai a ser

## Concello de Guitiriz







## Concello de Guitiriz

demasiado tarde. Pero parece que nos da o mesmo, os cidadáns deste país e concretamente os de Parga e Guitiriz volveron a demostralo dando a súa confianza o pasado día 12 deste mes nas mesmas políticas dos últimos 10 anos, que nos están levando a estas situacións.

Sobre o que propoñen para o polideportivo do colexio, tampouco o vemos, vostedes estiveron gobernando dende o 2011 ata o 2015 con moitos máis alumnos/as no colexio que hoxe, e non moveron nin fixeron nada para mellorar o polideportivo. As políticas que defenden e apoian son contrarias a defensa do rural, non me veñan dicindo o contrario porque menten.

A realidade a coñecemos todos, a maioría da xente moza emigra para fora de Galiza, e algúns tamén para as nosas cidades, Parga non é unha excepción. A xente nova non se afincan nas vilas como Parga porque non teñen de que vivir, polo que en poucos anos, e coas políticas que vostedes propoñen Parga será un pobo máis do rural coa poboación mais avellentada e condenado a súa desaparición co paso dos anos.

Señores do PP, o mellor que poden facer por Parga e evitar que peche o consultorio, iso sería o lóxico e o normal, e si axudaría a manter viva a vida de Parga, non veñan agora a remendar ou a consolar o mal que lle están a facer a Parga, non o vamos a consentir por moitos votos que teñan, e por moito que digan que a súa intención e traballar para e por os veciños de Parga.

Non queremos que fagan igual que o seu compañeiro do PP e alcalde de Castro de Rey, Francisco Balado, que actuou de portavoz do PP no Pleno da Deputación e acusou aos veciños/as de Parga de estar moi contentos co peche do consultorio e sen embargo votou a favor da moción presentada polo BNG. Queremos que teñan as ideas claras e non que anden con rodeos para contentar aos seus votantes e veciños/as de Parga, as dúas posicións son incompatibles totalmente.

A Sra. Alcaldesa di que o edificio do colexio non é propiedade do Concello e titularidade da Xunta, entón aproveitando que o PP revalidou a súa maioría, o grupo popular de Guitiriz debería instar a Xunta para que manteña o colexio de Santo Estevo en boas condicións, o colexio ten moitas carencias, é un edificio que se construíu xa fai uns anos, require unha remodelación por parte da Consellaría, si realmente queren que o colexio sega a funcionar como colexio e que a xente sega a vivir no rural o que teñen que facer e dotar eles ao colexio de esas instalacións e que están pedindo que o faga o concello e que non é competencia do concello. A área técnica da Consellaría de Educación debería ser quen fixera esas obras que están a demandar que fagamos nós, como adaptar o patio exterior cuberto para transformalo en pavillón, o que debería ter xa o colexio e un pavillón para facer ximnasia axeitadamente, e iso e competencia da Xunta de Galicia.

O colexio agora mesmo ten unha serie de deficiencias, de obra de reparación, xa non de mantemento que si serían competencia do concello, pero o mantemento non implica todas esas obras das que se están a falar aquí, require unha remodelación que debería afrontar a Consellaría de Educación.

O que o grupo popular debería de facer, eu bríndome a apoiar e participar nesa reivindicación, e afrontala dende o concello, para que a Consellaría o remodele e o adapte aos tempos que vivimos agora, para que os nenos que van ao colexio de Parga teñan as posibilidades de gozar das mesmas instalacións que os nenos que

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

van a colexios concertados e que se pagan cos cartos de todos/as e que se están deixando de investir na educación pública, iso é o que deberiamos reivindicar dende o concello.

En canto ao Centro de Día, claro que necesitamos un centro de día, pero iso tamén e competencia da Xunta de Galicia. Neste concello hai un PAI e un Centro de Día, sufragados ambos con fondos do concello.

Fai mais dun ano que me puxen en contacto co Consorcio e reiterei a miña petición varias veces e o Consorcio non da resposta ao concello de Guitiriz, non debe ter interese en cubrir a súa competencia porque a competencia para escolarización dos nenos de 0 a 3 anos é da Xunta de Galicia, son coñecedores de que o noso concello non ten as necesidades cubertas. Un ano despois os veciños/as de Guitiriz seguen sin recibir resposta, prexudicando así aos veciños/as deste concello, as familias que teñen nenos/as menores de tres anos e que non teñen prazas.

Pois o mesmo ocorre co Centro de Día, o concello fixo o esforzo e adecuou un edificio para facer un Centro de Día, pois agora entendo eu que, o que ten que facer a Xunta e poñer da súa parte e facer un Centro de Día no noso concello, para dar servizo a outros maiores que tamén o necesitan, as competencias son da Xunta.

O que temos que reclamar dende a corporación municipal e que as administracións que están por encima de nós, cumplan coas súas responsabilidades e obrigas.

Na segunda quenda o voceiro do grupo BNG di ao Sr. Penas que antes de preparar esta moción preguntou ou falou cos seus compañeiros da Consellaría si aceptaban o que propoñen, está claro que non. Mais aínda, saben que é unha proposta de cara a galería e que nunca se vai levar a cabo.

Eu non sei si se lembran que no bipartito existía o servizo de catering a domicilio, que existía o transporte adaptado, estes dous servizos sociais enmarcados dentro do consorcio de benestar os eliminou Feijoo en dous anos.

No PP os servizos sociais públicos comunitarios e gratuítos non os quere nin ver, como fan coa sanidade Pública ou coas prazas públicas nas residencias de maiores. Vostedes sempre apostaron e seguen apostando por todos estes servizos pero privados ou concertados, non entenden que non haxa lucro en todos estes servizos fundamentais para a cidadanía galega.

O voceiro do grupo PP di que época do Sr. Teixido non había cartos, estabamos en crise, pero nos últimos anos hai cartos, pensamos que é necesario facelo en Parga e que a cociña popular é necesaria xa que hai moita xente que vive non rural, son persoas maiores que lles viria moi ben que lle levaran o xantar tódolos días.

Por outro lado, nos defendemos o concello, porqué os nenos/as de Pigara non van ao colexio a Parga e van a Baamonde a Rábade e incluso que algún a Vilalba?, isto tamén e defender o concello.

Necesitamos un Centro de Día en Parga, se non se pode facer no colexio pode facerse noutro sitio, o concello ten cartos para poder facelo.

Non mesture Sr. Pereira "churras con merinas" porque nos defendemos a sanidade pública e defendemos que o consultorio de Parga siga funcionando como estaba funcionando.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

A Sra. Alcaldesa remata aclarando que o concello non é quen ten que acometer esa obra, defendo que no concello se faga outro centro de día e si o grupo popular do Concello de Guitiriz quere pedimos unha cita coa Conselleira de Política Social e imos toda a corporación municipal a defender esta petición.

**Sometido o asunto a votación é rexeitado por 8 votos en contra dos grupos PSOE e BNG e 5 votos a favor do grupo PP.**

### Moción do grupo PP sobre a rúa Paralela-Estación.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Na vila de Parga hai unha rúa chamada Paralela-Estación onde dende fai xa uns anos teñen cada dous por tres problemas coa rede de sumidoiros. Segundo as persoas que viven alí, os tubos por onde circulan as augas sucias atascasen moi a miúdo e teñen que levantar para desatascalos o firme da propia rúa, co cal hai zonas da rúa onde non existe a día de hoxe firme.*

*Por todo elo, elevase ao Pleno esta MOCIÓN, na que se propoñen os seguintes ACORDOS.*

*1º.-Que se revise ben toda a rede de sumidoiros por parte dun técnico municipal ou técnico contratado antes de poñerse a facer obras.*

*2º.- Que se fale coas persoas que habitan as casas onde se xeran eses problemas, xa que vale moito, neste caso, ser sabedores do que lles ocorre.*

*3º.- Pensamos que sería necesario dado que cada vez que hai un atasco teñen que levantar o asfaltado da rúa, poñer equidistantemente cantos sumidoiros sexan necesarios, como se poñen noutras vilas e cidades, pra cada vez que sexa necesario desatascar non ter que romper nada do que está ben feito, facendo toda a limpeza polos sumidoiros.*

*4º. Por último, unha vez que toda esa rede de novos sumidoiros estea posta, alquitrantar de novo en quente, para que esa rúa quede impoluta durante moitos anos, como así ten que ser.*

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do grupo BNG di que tanto nesa rúa, Avda. da Estación, como nalgunha de Guitiriz está habendo problemas na rede de saneamento, na rúa Sesulfe en Guitiriz de cada dous por tres aparece un socavón, un afundimento da rúa ou da beirarrúa, que nos amosa os traballos que se fan ou facían de calquera maneira.

Estamos de acordo que hai que solucionarlos canto antes e non agardar a que se afunda o pavimento da rúa, ou se atasquen os sumidoiros, porque sempre vai ser o arranxo moito mais caro, e nunca vai de deixar de ser un parche mais.

Dende o BNG opinamos que o concello debería facer un estudo, de toda a rede de saneamento tanto de Guitiriz como de Parga para saber, programar e planificar a renovación das redes de saneamento mais antigas ou daquelas que están continuamente dando problemas.

Votaremos a favor desta moción.

A Sra. Alcaldesa di que é certo que nesa rúa houbo un par de problemas de atasco na rede de sumidoiros que emendamos.

Todo o que se esta pedindo aquí o estamos a facer, estamos revisando a rede de sumidoiros co técnico do concello para ver en que parte temos que incidir e actuar mais, de feito unha das subvencións que pedimos é para renovar unha parte da rede de sumidoiros máis afectada, este ano pediuse para o núcleo urbano de Guitiriz pero non saca que para o ano que ven se poda pedir para a rede de sumidoiros de Parga.

O voceiro do grupo BNG di que son as casas da Avda. Da Estación pero os desaugues os teñen por atrás e esta claro que hai que arranxalo.

O voceiro do grupo PP di que en concreto en Parga en esa zona e onde máis problemas hai e é necesario arranxalos.

A Sra. Alcaldesa di que xa o estamos levando a cabo, nesa zona en concreto non se fixo pero tomo nota, estase revisando toda a rede de sumidoiros do concello. E verdade que aquí en Guitiriz había unhas que estaban dando sempre problemas e intentamos corrixilos.

Dicir que todos/as os/as veciños/as do concello teñen dereito a e que se lles atendan a súas demandas e se lle cubran as súas necesidades, que sexan competencia do concello.

Este equipo de goberno vai reclamar que as outras administracións fagan o mesmo co noso concello e que non nos discriminen por ser dun partido ou de outro.

**Sometido o asunto a votación é rexeitado por 7 votos en contra do grupo PSOE e 6 votos a favor dos grupos PP e BNG.**

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

### B) ROGOS E PREGUNTAS

#### ROGOS

##### Rogos do grupo PP:

1.- Rogamos se retiren as árbores que caeron na Ponte do Porcelo na parroquia de Pigara, nos meses de outono debido as enchendas.

2º.- Rogamos se arranxen as táboas rompidas do banco que hai na Estación de Ferrocarril de Guitiriz.

3º.- Rogamos se limpen máis a miúdo os contenedores, xa que coa calor destes días necesítase ser baleirados e desinfectados tanto os de cor verde como os de cor amarelo.

##### Rogos do grupo BNG:

1º.- Rogo para que se arranxe a ponte da estrada do Buriz o lado da capela de San Nicolas, esta afundíndose.

2º.- Este rogo e para que melloren as instalacións da piscina natural dos Sete Muiños, baixo a nosa opinión faría falta tres indicadores da profundidade na parede da piscina, un par de salvavidas e a información puntual do estado da auga.

3º.- Rogo para que comuniquen a Fomento que arranxen os furados da rotonda de cambio de sentido da estrada N-VI no Mesón da Cabra.

4º.- Este rogo é para que o concello avise aos empregados de tempada que residen en Guitiriz, para que usen ou empreguen as máscaras obrigatorias de protección, como os demais veciños e veciñas do Concello, para evitar calquera tipo de contaxio entre eles ou con calquera veciño de Guitiriz.

5º.- Este rogo e de recordatorio para todo o que pedimos o longo de este último ano e que aínda está sen facer ou se podería mellorar, voules lembrar...

Rogamos o goberno do Concello que tome as medidas oportunas para controlar a velocidade de vehículos na Avd. da Paz en Parga.

Rogo para que de unha vez se eliminen os vertidos o rio, pola zona da ponte de Forxá.

Rogo para arranxar as varandas da ponte de Forxá.

Rogo para que se laven a miúdo os contedores situados na rúa do mercado de Guitiriz.

Rogo para que de unha vez se arranxe a ponte que hai no camiño público que vai dende Barreiro ata Montemeá , é a cuarta vez que o traio o pleno.

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Rogámoslle que se limpe o camiño de servizo que hai o longo da estrada da Xunta que vai dende

o Mesón da Cabra ata Momán.

Este rogo e para que se arranxe a casa Barxa e a casa Habanera.

Rogámoslle que acondicione o aparcadoiro do prado que da a rúa Boa Veciña para que no inverno non este no estado destes últimos anos.

Rogo para que o Concello revise a visibilidade de todos os accesos a vías ou estradas e instale espellos alí onde faga falta. No Pumariño en Labrada seguen sen espello e xa van tres accidentes.

Rogo para que se tomen medidas ou se prohiba o paso por diante da casa que hai fronte a casa Barxa, están caendo cristais a beirarrúa.

A Sra. Alcaldesa di que ela falou coa Garda Civil sobre o uso das mascarillas dos traballadores/as de tempada, a Garda Civil mantivo unha reunión co encargado para que el se reunise con eles e os instara a que as puxeran, o seguinte paso é sancionalos porque foron avisados varias veces.

### PREGUNTAS

#### Respostas da Sra. Alcaldesa ás preguntas pendentes do Pleno anterior:

-En relación cos contratos para o servizo de arquitectura técnica que comentou o Sr. Penas, preguntei na Deputación e dixéronme que como regra xeral non redactaban proxectos técnicos para os concellos, que non están para iso (teño a contestación por escrito), e dicir, ese servizo non está para redactar proxectos aos concellos, esta para redactar proxectos da Deputación, aínda que é verdade que nalgún momento colabora, de feito con nós colaborou.

-En relación coa pregunta sobra unha facturar de "Autos lozano" dicir que é dunha andaina que organiza o concello o ultimo domingo de cada mes, e esta concretamente é dunha das viaxes que se fixo a Outeiro de Rei nunha desas andainas.

-Canto investiu o concello en EPIS?. Desglosado en xel hidroalcoholico, mascarillas, desinfectante de limpeza, luvas, roupa de protección, dosificadores e mamparas. Gran parte deste material entregouse aos autónomos cando volveron a abrir e gastouse aproximadamente sobre 27.000 € en total, tanto para autónomos como traballadores do concello.

-A cerca do camiión que estaba estacionado fronte a Talleres Carro, dicir que xa foi retirado.

-En canto ao seguro dunhas placas solares de 534 €, corresponde as placas do Senpa, que están a funcionar e están producindo enerxía. Estamos estudando a forma de utilizar esa enerxía.

O voceiro do grupo PP di que na época do Sr. Cacharro na Deputación facíanse

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

proxectos para os concellos e tamén nesa época creouse o servizo xurídico para os concellos de provincia de Lugo.

### Preguntas do grupo PP:

1º.- *Vaise volver a desinfectar os sitios e edificios públicos coma antes?*

Resposta: en todo momento a hora de facer as desinfeccións ceñimonos as instrucións da Xunta e da Administración do Estado. A través da FEGAMP indicáronnos os pasos a seguir para solucionar a problemática, os edificios do concello desinfectáronse todos naquel momento. No pavillón non se volveu a usar o cal non require unha desinfección, o Centro de Saúde de Parga continuase a limpar e desinfectar os dous días que se vai facer alí a extracción de sangue e a nosa previsión é que os colexios antes de que se poñan en funcionamento darlles unha desinfección seguindo as instrucións da Xunta de Galicia, esperemos que nos transfiran máis fondos. En canto ao edificio do concello o protocolo de limpeza que se sigue a levar a cabo e o que indica a Xunta que é quen ten as competencias neste asunto.

2º.- *Vanse limpar con auga a presión as beirarrúas de Parga e Guitiriz?*

Resposta: temos que tratar de facer unha labor de concienciación entre todos/as porque si que e verdade que as rúas necesitan unha limpeza, pero temos que estar todos moi concienciado, por exemplo os establecementos comerciais deberan de limpar a parte da beirarrúa, independentemente que logo o concello teña que facer esa limpeza.

Este ano con cargo ao Plan Único vaise a comprar unha máquina a presión para limpar todas as beirarrúas.

Este ano no verán tivemos a unha persoa en Parga tódolos días para facer labores de limpeza.

3º.- *Subcontratouse a Casa da Botica? Isto que é para a lexislatura do ano 2023?*

Resposta: non o sei, esa pregunta hai que facela na Deputación, esa obra esta contratada pola Deputación non polo concello.

4º.- *Sabe vostede en que situación está a día de hoxe a Ruta da Auga?*

Resposta: agora mesmo esta desbrozada por completo dun lado a outro. A semana pasado houbo algún dano en algunha ponte, agora mesmo hai unha ponte que está tirada no río, e vaise a proceder a reparala. Todos os danos que houbo nas pontes e dos que fomos coñecedores estar arranxados e a Ruta da Auga está desbrozada por completo.

5º.- *Coñece vostede o estado do firme entre o Muiño de Parga e a Ponte de Ferreira? Dígollo eu, grandes fochancas que teñen que estar arranxadas neste*

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

*tempo, pois no inverno están cheas de auga, e penso que nun dos sitios hai que facer unha pasarela de madeira, pois sempre esta húmido o terreo.*

Resposta: Eso é una pregunta, una suxestión ou un rogo?

Voceiro PP: É una suxestión xa que nesa zona esta moi esvaradío e fanse moitas fochancas.

*6º.- Os desbroces das cunetas e arranxos das pistas este ano como non hai festas parroquiais quedan para o ano vindeiro?*

Resposta: Non, os desbroces das pistas estanse a facer e os dos campos das festas vanse a facer igual.

*7º.- As fincas que incumpren a lei de incendios por estaren sin limpar o carón das casas que están denunciadas por Medio Rural é competencia dos concellos, porque non se está a executar?*

Resposta: As denuncias que recibimos aquí no concello requirimos aos donos para que as limpen. Interesareime polo tema por si hai algunha sen executar.

*8º.- Entregáronse as axudas e subvencións as empresas que as solicitaron polo COVID-19?*

Resposta: As persoas encargadas de mirar a documentación estiveron comprobando a mesma ao longo desta semana e a semana que ven intentaremos facer a resolución das que cumpren para poder pagarlles a elas e as que non, facerlle un requirimento.

*9º.- Cantas demandas ten o Concello neste momento?*

Resposta: Sempre me esquezo de mirar ese detalle, asegurareime das que están pendentes e xa contesto.

*10º.- Porqué non utilizamos os Servizos Xurídicos da Deputación e deixamos de gastar os cartos en asesorías xurídicas privadas?*

Resposta: como regra xeral utilizamos os servizos xurídicos da Deputación para moitas demandas, usamos os servizos xurídicos privados moi puntualmente, en concreto agora mesmo para dúas demandas de puxeran dous traballadores do GES.

*11º.-Canto leva gastado en defensa xurídica o Concello de Guitiriz no ano 2019 e no que vai deste?*

Resposta: No que vai deste ano sobre 3000 € pero no ano 2019 non o sei, teño que miralo.

*12º.-Porqué empezou o campamento de verán tan tarde?*

## Concello de Guitiriz







## Concello de Guitiriz

Resposta: Polos protocolos do Covid, tivemos que esperar a que a Xunta sacara un protocolo para logo nós facer un contrato e que as empresas se adaptaran a ese protocolo.

13º.- *Cantos nenos están a participar nel?*

Resposta: A verdade non o sei exactamente, miro e dígolle seguinte Pleno.

14º.- *O material que enviou a Xunta de Galicia para protección e hixiene nas eleccións, que pasou con él, devolveuse ou que se fixo, pois nos cremos que si sobrou é necesario repartilo de maneira equitativa aos cidadáns deste Concello.*

Resposta: A Xunta permitiunos quedar con el si queriamos, fundamentalmente o que sobrou foi material de sinalización, por exemplo no colexio de Parga quedaron con el.

15º.- *Cando van arranxar a ponte que vai a Montemeá, parroquia de Santo Estebo de Parga, pola pista que bordea o Balneario de San Xoán en Guitiriz.*

Resposta: Xa temos un orzamento e espero que antes de que finalice o bo tempo este arranxado.

### Preguntas do grupo BNG:

1ª.- *Que criterio están tomando cos hostaleiros a hora de construír ou adecuar as terrazas, quen paga a reforma?*

Resposta: Creo que reforma de terraza como tal non se fixo ningunha. A maior parte das terrazas están afectadas pola autorización de Fomento porque a N-VI atravesa o pobo dun lado a outro co que a maior parte das terrazas víanse afectadas polas autorizacións de Fomento.

Era un tema difícil porque había que conciliar que a xente puidese pasar polas beirarrúas gardando as distancias de seguridade esixidas e ademais había que permitir aos hostaleiros desenvolver o seu traballo para sacar adiante os seus negocios.

Púxeme en contacto con Fomento para que eles me dixeran como podiamos xestionar este tema e poder cumprir con Fomento, coa lei de accesibilidade e que ao mesmo tempo que os cidadáns puidesen andar polas beirarrúas.

Fomento recomendounos ampliar as beirarrúas para así cumprir todos os requisitos. Coas instrucións de fomento e falando cos hostaleiros intentamos adaptar cada zona en función da súa configuración porque hai beirarrúas que teñen dous metros e pico, case tres e a continuación unha zona de aparcadoiro de case tres metros, entón aí era fácil. O problema era onde as beirarrúas eran moi estreitas e era imposible montar unha terraza que cumprira os requisitos, entón o concello que é o titular das beirarrúas solicitou autorización e decidimos ampliar a beirarrúa xa que esa ampliación podía ser beneficiosa e esa foi a obra que se acometeu. O concello o que

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

fixo foi ampliar unha beirarrúa que agora está ocupada por unha terraza e logo usarana os peóns. No caso de Parga e tema da Xunta, que a diferenza de Fomento autoriza as plataformas e quen sufragou o coste foi o dono do establecemento e que Fomento non autoriza ese tipo de plataformas.

2ª.- Que foi do camiión que estaba estacionado na Avd. de Lugo?

Resposta: Xa contestada anteriormente.

3º.- Ten o Concello algunha oficina de información turística para informar a xente que nos visita.?

Resposta: Ten unha técnica de turismo e unha oficina de información dentro do concello, pero os sábados e domingos non esta habilitada.

4ª.- O día de hoxe que estamos usando para o abastecemento de auga do casco urbano de Guitiriz o by-pass ou a auga do embalse?

Resposta: O by-pass séguese utilizando pero puntualmente ao longo da semana pasada usouse auga do pantano, o by-pass a semana pasada non daba abastecido.

5º.- Porque está usando o concello o camiión de emerxencias para a limpeza de beirarrúas, cambio de farois, camiión de carga para obras e servizos etc. cando sabemos que foi cedido pola Xunta para traballos de emerxencias ou excarceracións.

Resposta: O Concello non usa ese camiión para colocar farois, neste concello os farois os cambia a empresa de mantemento que temos contratado para elo, vostede non verá nunca os operarios do concello cambiar un farol.

Esa denuncia a que fai referencia, que conste que é dunha paxina de Facebook, estaban solucionando unha inundación que tiveron uns veciños por un atasco no saneamento na súa casa. Utilizase para o que é necesario sempre dándolle o trato correcto e sen maltratalo.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Guitiriz**

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QA2LYJ33D6ENKXKPS4M03H6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 58